

**PLAN DE  
CONVIVENCIA  
ESCOLAR**

**CEIP PLURILINGÜE SAN  
PEDRO DE VISMA**

**A CORUÑA**

**curso 20/21**

## ÍNDICE

### INTRODUCCIÓN

1. FINALIDADE
2. OBXECTIVOS
3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO:
  - Entorno físico
  - Entorno Social-Cultural
  - Características do alumnado
4. PRINCIPAIS CONFLICTOS:
  - a. Como actuar
5. NORMAS :
  - a. Básicas
  - b. Como se actúa
  - c. Protocolo
6. INICICATIVAS E ACTUACIÓNS:
7. CREACION DO OBSERVATORIO:
  - a. Composición
  - b. Funcións
  - c. Constitución
  - d.Actividades
  - e.Dinamización
  - f. Infraestruturas e recursos
8. DIFUSIÓN DO PLAN E SEGUEMENTO

## INTRODUCCION:

A convivencia baséase nun conxunto de convencións, normas e rutinas sobre as cales teñen lugar os feitos e episodios diarios que constitúen un marco normativo

A convivencia consiste na educación en valores para que os nosos alumnos e alumnas sexan tolerantes, respecten os diferentes costumes, relixións, etc. dos demais alumnos e alumnas doutras razas, etnias, etc..

As normas de convivencia democráticas son totalmente necesarias, sen elas non habería respecto e sen respecto non habería unha relación agradable entre toda a comunidade escolar.

Queremos traballar para que o noso Centro sexa:

- **Un Centro integrador.** Desexamos que na nosa comunidade educativa se integren sen problemas todos os grupos minoritarios, que ben sexa polas súas necesidades persoais ou pola súa pertenza a outras etnias ou relixións puideran sentirse non aceptados.

- **Un Centro con boas relacións persoais.** Este é o eixe fundamental deste Plan, mellorando cada día o clima de traballo tanto entre alumnos/as como entre profesores/as, ou deles entre si.

- **Un Centro participativo.** A comunidade educativa do Centro é moi variada: mestres/as, pais- nais, persoal non docente, polo que require un esforzo por parte de todos.

- **Un Centro onde os alumnos/as aprendan e desenvolvan todas as súas capacidades.** Gustaríanos ter un Centro onde se propicie a atención individual ao alumno/a, para ilo solicitaremos todo o apoio que sexa preciso das distintas administracións.

- **Un Centro que propicie unha educación con valores.** Queremos un Centro onde se reforcen tódolos valores para conseguir unha educación baseada no respecto aos demais.

- **Un Centro que fomente a igualdade de mulleres e homes.**

- **Un Centro enraizado na nosa terra.** Un Centro onde se coñeza, se estude e se viva a cultura galega, sen complexos, con orgullo e con cariño.

- **Un Centro aberto ao Mundo e aberto ao resto das Comunidades.** Participación en proxectos onde se fomente o coñecemento das distintas culturas dos alumnos/as que conviven no centro.

- **Un centro aberto ao entorno.** Participando e colaborando con tódalas organizacións que teñen que ver coa educación.

## **1. AS FINALIDADES DA CONVIVENCIA**

a) Preparar para a vida social adulta.

b) Asumir e practicar os valores cívicos e democráticos (respecto polas demais persoas, respecto polo mobiliario e polos ben comúns, tolerancia crítica, solidariedade, dereitos humanos, medio natural, igualdade entre homes e mulleres...)

c) Mellorar o clima escolar (personalización e habitabilidade dos espazos, atmósfera ordenada, tranquila, relacións dentro das aulas, orde e tranquilidade, actitude de traballo, satisfacción...)

d) Atender á diversidade.

## **2. OBXECTIVOS**

Os obxectivos do Plan van na liña de atención de todos e cada un dos sectores da comunidade Educativa coa intención de motivar ao profesorado, alumnado e familias sobre a importancia de crear un bo clima de convivencia no Centro Educativo.

PRINCIPAIS OBXECTIVOS :

A) Conseguir a integración de todo o alumnado sen discriminación por razón de raza, sexo ou idade.

B) Fomentar a implicación das familias.

C) Mellorar as relacións entre todos os membros da comunidade educativa.

D) Dotar ao Centro dos recursos necesarios.

E) Apoiar ao profesorado, para poder solucionar mellor os problemas de convivencia.

## **3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO**

a) **Contorno físico**

Este colexio é un Centro Público que depende da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta situado nun barrio de A Coruña con acceso dende a Ronda de Outeiro.

#### **b) Contorno Social- Cultural**

O barrio está integrado por familias dun nivel moi variado. Os alumnos e alumnas, na case totalidade, non teñen que utilizar medios de transporte para acudir ao Centro, por encontrarse os domicilios próximos ao mesmo.

A lingua máis usual nas familias é o castelán, sendo moi poucos os nenos que se expresan en galego habitualmente. Existen problemas de marxinación social e paro, tendo que ser axudados polos Servizos Sociais do Concello.

#### **c) Características do alumnado**

O alumnado que recolle o Centro é o que corresponde á idade de 3 ata 12 anos. Cremos que os alumnos deben estar abertos á situación de cambio que experimenta a sociedade, educándoos na xustiza, liberdade e respecto. A escola é e quere ser ideoloxicamente pluralista, en especial nas súas vertentes política e relixiosa.

Temos un tipo de alumnado moi variado, alumnos e alumnas con diferentes problemas:

- a) Alumnos e alumnas con distintos síndromes e trastornos.
- b) Alumnos con problemas motrices.
- c) Alumnos e alumnas de etnia xitana.
- d) Alumnos e alumnas estranxeiros, algúns que falan outro idioma.

### **4. PRINCIPAIS CONFLICTOS**

Ao tratarse dun Centro de Infantil e Primaria, a convivencia desenvólvese dunha forma aceptable. Na actualidade o clima de convivencia é bo, non entanto, aparecen casos de inadaptacións, que ao estar controlados, non requiren máis nada que prestarlles a atención debida, aplicando sancións acordadas cos mesmos. É imprescindible valorar a frecuencia con que xorde a conflitividade, aínda que parece ser que é o primeiro trimestre de cada curso é cando máis casos se producen.

Entre os conflitos máis frecuentes podemos salientar as pelexas a causa do xogo, poñerse alcumes, insultos, non facer caso aos titores, non facer as tarefas escolares... Este tipo de problemas resólvense polo seguinte procedemento: Fálase cos alumnos implicados e intentase aclarar as cousas, e se é un problema mais grave infórmanse aos pais e se poñen en marcha os procedementos adecuados.

Outro tipo de problemas son:

#### 1. ABSENTISMO:

Dáse con moita frecuencia en familias cunhas condicións económicas e socioculturais desfavorables. A causa máis común do absentismo en Ed. Infantil e Ed. Primaria é a falta de interese pola familia na súa asistencia a escola.

Neste problema están implicados coma responsables os pais, que son na maioría dos casos os principais consentidores. Así mesmo é o titor o primeiro que detecta o problema que informa ao Director, e os traballadores sociais.

O absentismo impide adquirir a formación e preparación necesaria para un bo desenvolvemento tanto no ámbito persoal coma no académico, os nenos e nenas non progresan como o resto do grupo e cando veñen non poden traballar cos demais abúrense, molestan e íllanse.

#### 2. ADAPTACIÓN

Unhas das causas que orixinan os problemas de adaptación son os diferentes costumes, debido ás etnias, idiomas..., carencias afectivas (por mor das familias desestruturadas) e os que por problemas de traballo non teñen unha continuidade na educación dos seus fillos.

Igual que no anterior, neste problema esta implicada toda a sociedade na que estamos inmersos.

#### 3. PROBLEMAS DE CONDUCTA

As máis usuais son:

- Apatía
- Agresividade

- Celos
- Rabechas
- Retraemento
- Rexeitamento ao descoñecido
- Problemas de aprendizaxe
- Acoso

Dos problemas anteriores cabe deducir que proceden dalgunhas destas causas:

- Problemas co embarazo, parto.
- Situación de risco no embarazo: alcohol, drogas.
- Situacións traumáticas puntuais:
  - Morte dun proxenitor
  - Separación dos pais
  - Nacemento de irmáns
  - Cambios escolares
  - Problemas socio- económicos

De aquí a importancia de estar en alerta aos baixos rendementos por poder estar ocultando algunha destas situacións.

#### **a) ¿Cómo actuamos habitualmente ante os conflitos de convivencia?**

O Centro responde aos casos de conflitividade, nun primeiro momento, empregando o diálogo e a flexibilidade e segundo a gravidade das mesmas aplicando as normas de convivencia. O profesorado está totalmente sensibilizado coa resolución destes casos; en canto ás familias, a súa resposta, en xeral, é positiva, aínda que ás veces danse casos de non obter a cooperación que cabería de esperar, e esta mesma consideración habería que aplicarlle ao alumnado.

Actúase tendo en conta a gravidade dos mesmos, tendo en conta o punto anterior os conflitos mais xeneralizados son os seguintes:

a) **Absentismo escolar.**- O titor/a, tomará nota a diario das faltas de asistencia dos alumnos/as da súa titoría, comunicándolle ditas incidencias cando estas son relevantes á Xefa/fe de Estudos, para que tome nota dos feitos.

Segundo a gravidade o titor/a, ou ben a Xefa/fe de Estudos, a través dunha nota por escrito invitará aos pais ou tutores legais a que pasen polo Colexio, para aclarar que razóns aducen os implicados para faltar asiduamente a clase.

Dáse o caso que, ás veces, despois de mandarlle reiteradamente a nota por escrito de que se personase no Colexio, non o fan e entón, recórrese aos Servizos Sociais do Concello, para que tome cartas no asunto.

De continuar faltando ao Centro, abriráselle un Protocolo de Absentismo.

Hai outro tipo de nenos/as que sistematicamente non asisten a clase con puntualidade, repercutindo “negativamente”, no normal desenvolvemento do currículo. As normas de funcionamento do Centro recollen que a partir das 9:10 da mañá non poderá ningún alumno acceder ao centro ata a seguinte sesión, se non ten unha xustificación do retraso.

b) **Problemas graves de conduta.**- Soen ser moi contados e, en xeral, pouco graves, xa que só están escolarizados nenos/as de Ed. Infantil e Ed. Primaria.

Se se dá o caso de enfrontarse con algún neno/a que ten problemas de conduta, temos presente o reflectido polo Normas de Funcionamento e Organización do Centro que están recollidas no PEC.

En todo caso, cando xurde algún problema de conduta por parte dalgún cativo/a, a iniciativa para tratar de resolver o problema pode partir de calquera profesor/a, titor/a ou ben por parte do Equipo Directivo, seguindo os seguintes pasos.

Xeralmente, tamén ao D.O., lle comunican a problemática de esa conduta inadecuada, tratando ao mesmo de escudriñar cales son as causas que poden orixinar ese mal comportamento, emitindo un informe das posibles causas que o poden orixinar, e as posibles pautas a seguir para tratar de resolvelo.

Cando a situación continúa, o Orientador reclama á Administración a través do Inspector de zona, a participación do E.O.E., para tratar de resolver o problema que nos afecta.

Todos estes pasos a seguir, teñen o coñecemento dos pais ou tutores legais, xa que cando é posible “que non sempre é así”, se teñen entrevistas con eles co fin de resolver coa súa participación os problemas que nos afectan.

Despois de levar a cabo todo o anteriormente mencionado, tratamos de poñer en práctica o NOF do centro seguindo as seguintes pautas.



- O titor/ra comunicarlle aos pais ou tutores legais que se acerquen polo Colexio para tratar de resolver un problema que se ten co seu fillo/a, se non acude mandáraselle a notificación “certificada”.
- A Dirección do Centro, xunto co ou cos profesores implicados, exporanlle a situación, e leranlle o NOF do Centro para que saiba as sancións que leva consigo.
- Se con todo elo, non se reconduce a situación se presenta o caso no Consello Escolar, que se invitará á familia implicada a asistir ao mesmo.
- Tratarase na Comisión de Convivencia o caso anteriormente mencionado.
- Todo este proceso ten que estar en coñecemento da Administración correspondente, e comunicándolle o tipo de sanción imposta.
- Comunicáraselle á familia, se non está de acordo, o tipo de recursos que pode facer así coma a onde recorrer.

## **5. NORMAS DE CONVIVENCIA**

- CONSIDERACIONES XERAIS

Na educación transmítense e exercítanse os valores que fan posible a vida en sociedade e acádanse os hábitos de convivencia e de respecto mutuo. Por iso, a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia é, a equidade, que garante a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación dentro do artigo 1 da LOE .Á consecución deste fin deben contribuír non só os contidos formativos transmitidos en cada unha das etapas do sistema educativo, senón tamén. moi especialmente, ó réxime de convivencia establecido no Centro. As normas que regulan a convivencia do alumnado no Centro están recollidas no capítulo IV do Anexo do Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e Educación Primaria .

Os seus dereitos e deberes establécense na Lei 4/2011 e no Decreto

8/2015 polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar

O deber máis importante dos alumnos/as é o de aproveitar positivamente o posto escolar que a sociedade pon a súa disposición. Por isto, o interese por aprender e a asistencia a clase, é dicir, o deber do estudio é a consecuencia do dereito fundamental da educación.

Por outra parte, na definición e esixencia dos deberes, é preciso ter en conta que o obxectivo último que debe perseguirse é alcanzar, coa colaboración de todos os sectores da comunidade educativa un marco de convivencia e autorresponsabilidade que faga practicamente innecesaria a adopción de medidas disciplinarias. En todo caso, cando estas resulten inevitables, as correccións deberán ter un carácter educativo e deberán contribuír ó proceso xeral de formación e recuperación do alumno/a.

O Consello Escolar velará polo correcto exercicio dos Dereitos e Deberes dos alumnos/as. Para facilitar dito cometido constituirase unha Comisión de Convivencia que resolverá e mediará nos conflitos presentados e canalizará as iniciativas de tódolos sectores da Comunidade Educativa co fin de mellorar a convivencia, o respecto mutuo e a tolerancia no Centro.

- DEBERES DO ALUMNADO

Os deberes do alumnado están recollidos nas Normas de Funcionamento e Organización do Centro. Entre eles están:

- Asistir a clase e participar nas actividades
- Respectar a dignidade e función dos profesores/as e de cantas persoas traballan no Centro
- Respectar aos seus compañeiros.
- Non discriminar a ningún membro da Comunidade Educativa
- Coidar o seu aseo persoal.
- Coidar e utilizar correctamente os bens mobles e as instalacións do Centro

CONDUCTAS CONTRARIAS AS NORMAS DE CONVIVENCIA

As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán sempre un carácter educativo e recuperador, deberán garantir o respecto aos Dereitos do resto dos alumnos e procurarán mellorar as relacións de tódolos membros da Comunidade Educativa.

Os órganos competentes deberán ter en conta as circunstancias persoais, familiares e sociais do alumno/a antes de resolver o procedemento corrector.

Os alumnos/as que individualmente causen danos de forma intencionada ou por negligencia ás instalacións do Centro ou ó seu material quedan obrigados a reparar o dano causado ou facerse cargo do custo económico da súa reparación. Igualmente, os alumnos/as que subtraesen bens do Centro deberán restituír o subtraído. En todo caso, os pais ou representantes legais dos alumnos/as serán responsables civís nos termos previstos nas leis.

A falta a clase de modo reiterado pode provocar a imposibilidade da aplicación correcta dos criterios xerais de avaliación e a propia avaliación continua. A parte das correccións que se adopten no caso das faltas inxustificadas, a xuízo do titor/a, os Regulamentos de Réxime Interior establecerán o número máximo de faltas por curso, área e materia e os sistemas extraordinarios de avaliación previstos para estes alumnos/as.

A efectos da gradación das correccións:

1. Consideraranse circunstancias paliativas:
  - a. Recoñecemento espontáneo da súa conduta incorrecta.
  - b. A falta de intencionalidade.
1. Consideraranse circunstancias agravantes:
  - a. A premeditación e a reiteración.
  - b. Causar dano, inxuria ou ofensa ós compañeiros/as ou profesores/as.

Poderanse corrixir os actos contrarios ás normas de convivencia do Centro realizados polos alumnos/as no recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares. Igualmente poderanse corrixir as actuacións do alumno/a que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten ós seus compañeiros/as ou a outros membros da comunidade educativa.

O Consello Escolar do Centro supervisará o cumprimento efectivo das correccións nos termos en que foran impostas.

As condutas contrarias ás normas de convivencia do Centro, así como as súas correccións, están recollidas nas **Normas de Funcionamento e Organización do Centro**.

As condutas contrarias as normas de convivencia no Centro prescribirán no prazo dun mes, contado a partir da data da súa comisión. As correccións impostas como consecuencia destas condutas prescribirán á finalización do curso escolar.

Os alumnos/as, ou os seus pais ou representantes legais, poderán presentar unha reclamación no prazo de corenta e oito horas contra as correccións impostas, correspondentes os parágrafos "g) e h)" ante o Delegado Provincial, poñendo fin con esa resolución á vía administrativa.

Non poderán corrixirse as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no Centro sen a previa instrución dun expediente, que, tras a recollida da necesaria información acorde o Director/a do Centro, ben pola súa propia iniciativa ou ben a proposta do Consello Escolar do Centro.

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do Centro:

1. Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensas graves contra os membros da comunidade educativa.
1. A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas contrarias as normas de convivencia do Centro.
2. A agresión grave física ou moral contra os demais membros da comunidade educativa ou a discriminación grave.
3. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación ou subtracción de documentos académicos.
4. Os danos graves causados por uso indebido ou intencionadamente nos locais, material ou documentos do Centro ou nos bens doutros membros da comunidade educativa.
5. Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do Centro.
6. As actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do Centro, ou a incitación as mesmas.

7. O incumprimento das sancións impostas.

As condutas enumeradas no apartado anterior poderán ser corrixidas con:

1. Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ó material do Centro ou as pertencías doutros membros da comunidade educativa. Estas tarefas deberán realizarse en horario non lectivo.

2. Suspensión do Dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do Centro.

3. Cambio de grupo.

4. Suspensión do Dereito de asistencia a determinadas clases durante un período superior a cinco días e inferior a dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno/a deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

5. Suspensión do Dereito de asistencia ó Centro durante un período superior a tres días lectivos e inferior a un mes. Durante o tempo que dure a suspensión o alumno/a deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

6. Cambio de Centro.

O Consello Escolar poderá levantar a suspensión do seu Dereito de asistencia ó Centro e readmitilo antes do remate do prazo previsto na corrección, previa constatación de que se produciu un cambio positivo na súa actitude.

A instrución do expediente levarase a cabo por un profesor/a do Centro designado polo Director/a. Dita incoación comunicarase ós pais, tutores ou responsables do menor.

O alumno/a e no seu caso, os seus pais ou os seus representantes legais poderán recusar ó instrutor ante o Director/a cando a súa conduta ou manifestacións poda inferirse falta de obxectividade na instrución do expediente.

Excepcionalmente, ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, o Director/a, por decisión propia ou a proposta, no seu caso, do Instrutor poderá adoptar as medidas provisionais que estime convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do Dereito de asistencia ó Centro ou a determinadas clases ou actividades

por un período que non será superior a cinco días. As medidas adoptadas serán comunicadas ó Consello Escolar, que poderá revocalas en calquera momento.

Instruído o expediente darase audiencia ó alumno/a e, se é menor de idade ademais ós pais ou representantes legais de aquel, comunicándolles en todo caso as condutas que se lle imputan e as medidas de corrección que se propoñen ó Consello Escolar do Centro.

Comunicarase ao Servizo de Inspección o inicio do procedemento lle manterá informado da tramitación ata a súa resolución.

- ORGANIZACIÓN E NORMATIVA INTERNA SOBRE A CONVIVENCIA ESCOLAR.

Cando se produza un incidente que, a xuízo do profesor/a afectado, deba dar lugar a algún tipo de actuación externa, procederase gradualmente da forma seguinte:

1. Envío á familia do alumno/a dun parte de incidencia do feito que preocupa, da que o profesor/a gardará copia conformada e outra copia será arquivada polo coordinador/a.
2. Unha vez reunidos tres partes de incidencias, comunicarase á familia cun apercibimento.
3. O Xefe/a de Estudos, coa intervención do Director/a se procede, entrevistarse coa familia do alumno/a na que, se é conveniente, estará tamén o profesor/a afectado.
4. De producirse no sucesivo un novo incidente, avisarase á familia cun novo parte de incidencias que o profesor/a, unha vez recibido coa firma dos pais, entregará de inmediato ó Xefe/a de Estudos.

Observacións:

1. Se o acto de indisciplina fora moi grave, non sería necesaria a acumulación dos tres partes de incidencias. Procederese de inmediato da mellor forma que proceda.
2. Se quen decide enviar o parte de incidencias á familia non é o titor/a, dito profesor/a será o responsable de enviar o referido parte e de recibilo co informado da familia. Unha vez no seu poder entregarao ao profesor- titor/a correspondente.
3. Durante as horas lectivas non se poden enviar alumnos/as os

corredores do Centro, vestíbulo do Centro ou oficinas do mesmo, agás á aula de estudo.

4. Se un alumno/a comete unha falta de disciplina moi grave que imposibilite o funcionamento da clase e que, polas posibles repercusións negativas para os demais alumnos/as, aconselle sacalo fóra da aula, o profesor/a afectado enviará ao alumno/a (cun traballo programado) ao Xefe/a de Estudos e, de non estar dispoñible, a calquera outro membro do Equipo Directivo. É evidente que este tipo de acción require ineludiblemente comunicación escrita á familia do alumno/a.

5. Para facilitar o cometido do Consello Escolar, constitúese no seo unha Comisión de Convivencia que, presidida polo Director/a, estará formada polo Xefe/a de Estudos, un pai ou nai e, en xeral polo profesor/a afectado/a.

- COMPORTAMENTO NA AULA

1. A aula ten que ser obxecto de especial respecto, como primeirísimo lugar de traballo.

2. O profesor/a dentro da súa actividade, é o máximo responsable do comportamento dos alumnos/as na aula.

3. A colocación do mobiliario e ordenación da aula é competencia do profesor- titor/a, quen poderá introducir ó longo do curso cantas variacións considere oportunas, segundo as necesidades do momento.

4. A aula debe presentar un aspecto agradable e acoledor. evitando que haxa papeis no chan,...

5. En xeral os alumnos/as terán en conta como normas de conduta durante as clases as seguintes:

- Manter limpa a aula procurando conservar ben o mobiliario e non escribir nin ensuciar as paredes e portas.

- Evitar ruídos innecesarios, especialmente aqueles que poidan molestar ás demais clases.

- Deixar o material ben ordenado.

- Empregar un vocabulario adecuado.

- Colaborar cos demais compañeiros.

- Ser respectuoso cos profesores, compañeiros e

demais persoal do Centro.

- Consumir so material necesario, non utilizando as xices. borradores... como instrumento de diversión.
- Absterse de mascar chicles, ... salvo excepcións: aniversarios, onomásticas, festas,...
- Non utilizar ningún obxecto ou aparato que distraía a atención dos alumnos/as ( móbiles, cascos, radiocasetes, videoxogos,...).

## **6. INICIATIVAS E ACTUACIONES**

Para mellorar a convivencia elaboramos un proxecto de Centro que atravesada toda a vida escolar é nel participan profesorado, pais e alumnado.

Despois dun proceso continuado coa participación de toda a Comunidade Educativa, coa reflexión e implicación do profesorado en procesos de innovación ata conseguir unha cultura común que nos permita construír un proxecto no que todos estamos identificados.

Este proxecto ten un carácter preventivo- construtivo.

Antes de correccións ou sancións, ante comportamentos contrarios a unha boa convivencia, propoñemos propiciar as condicións e facilitar as pautas que favorezan as relacións positivas entre todos.

Recoñecemos o valor do coñecemento da aprendizaxe na convivencia, pero sabemos que nas relacións inflúen as nosas emocións e actitudes, as nosas crenzas, cultura, así coma a forma de ser de cada un.

No noso proxecto temos en conta os distintos ámbitos da persoa, o pensamento, cos sentimentos; o coñecemento, coa moralidade; o académico, co persoal, para unha educación integral.

## **DESCRIPCION DO PROXECTO: COIDAMOS O ENTORNO DE VISMA**

### **Bloque 1. Coidamos o noso entorno.**

A convivencia depende en gran medida do contorno. Na aprendizaxe da convivencia é fundamental asumir a nosa responsabilidade para que o contorno sexa un espazo que favoreza unha boa convivencia. Neste bloque



incluímos dous programas: o primeiro refírese ao contorno físico e o segundo ao contorno social.

O programa **"Un contorno físico coidado e agradable "** expón educar en:

- A responsabilidade de todos no coidado do espazo escolar, a limpeza e estética do edificio, dos corredores e as aulas.
- O coidado dos espazos verdes e os xardíns do centro: cada grupo- clase asume a responsabilidade da plantación e coidado das flores.
- A educación para un desenvolvemento ecolóxico sostible: utilización adecuada do papel, da auga, da electricidade... así como a recollida selectiva dos residuos para a súa posterior reciclaxe.

O programa **"Un centro aberto ao barrio"** ten como obxectivo facer de Visma un barrio educador, que as rúas, os parques, os comercios... sexan espazos educativos.

- As familias e as asociacións do barrio participan nas festas escolares: semana das letras galegas, entroido, semana do libro, festa final de curso, etc.
- No Distrito V o voluntariado das organizacións municipais e do barrio, fóra do tempo lectivo, organizan grupos para o estudo e a realización dos deberes escolares e atenden ao alumnado en situacións de risco con actividadesnlúdicas.
- O ANPA do centro organiza actividades de formación coas familias (assembleas,. . .). O centro xunto coas asociacións impulsa no barrio actividades culturais e de desenvolvemento comunitario. No diálogo entre xeracións preténdese achegar a nenos- nenas e maiores e recuperar a memoria do barrio.

## **Bloque 2. Coidamos as persoas.**

Neste bloque incluímos tres programas: nun tratamos de atender os sentimentos persoais; no segundo ás competencias persoais e sociais, así como o desenvolvemento moral, que se necesita para saber convivir de forma positiva; no terceiro á cohesión grupal e integración no grupo. Co programa **"Un clima escolar acolledor e seguro"** pretendemos que todos e todas sexan acollidas, consideradas e seguras:

- Canles para que manifesten os seus estados de ánimo, de medo, de depresión, problemas familiares,...

- Na titoría persoal aténdense a cada alumno e alumna, especialmente no seu comportamento escolar, nas relacións cos demais e na súa aprendizaxe.
- Nos casos máis difíciles recorreremos ao servizo de protección do menor.

O programa "**Desenvolvemento das competencias sociais**" inclúe dous aspectos que se complementan: nas titorías grupais trabállase de forma progresiva a súa vertente cognitiva, a través de reflexións, debates, xogos e actividades plásticas, mentres que nas actividades ordinarias e doutros programas ponse en práctica as habilidades e competencias. En concreto, neste programa propomos:

- Que todos utilicemos as fórmulas sociais que axudan a unhas relacións máis amables: saudar, agradecer, desculparse, despedirse...
- Adquirir as competencias persoais (especialmente a autoestima) e sociais (escoita activa, empatía) así como a autorregulación emocional e a resolución de problemas persoais mediante o razoamento.
- Desenvolver o sentido ético, a partir de dilemas morais a partir de principios éticos universais.

No programa "**Cohesión grupal e integración no grupo**" abordamos a situación e desenvolvemento do grupo e a posición de cada alumno e alumna no mesmo.

- A través de sociogramas e observacións sistemáticas tratamos de coñecer as relacións que se establecen dentro do grupo.
- Prestamos especial atención a quen están illados, discriminados ou excluídos ou sofren algún tipo de malos tratos: tras observar a situación, dispomos o programa de intervención adecuado ás características do problema.
- Traballamos tamén o sentido de pertenza ao centro, ao grupo.

### **Bloque 3. Coidamos as relacións.**

Saber establecer e desenvolver relacións sas e positivas cos demais é fundamental na aprendizaxe da convivencia. Neste bloque incluímos catro programas: as normas e o seu cumprimento, recoñecer a diversidade como un valor nunha sociedade plural e multicultural, o patio escolar, espazo educativo e a resolución de conflitos e mediación.

O programa "**Respecto e cumprimento das normas** " expón temas básicos na aprendizaxe da convivencia e constitúe a base do desenvolvemento moral: o recoñecemento de límites, a vinculación da autonomía persoal e a responsabilidade co grupo, a acción reparadora (non o castigo) exixible tras o incumprimento dunha norma acordada. O alumnado coñece e valora os procesos democráticos na definición das normas dun grupo e o que achegan á seguridade individual e colectiva, á diminución de conflitos e castigos.

Nas titorías, ao comezo de curso, explícanse, analízanse e recollen propostas sobre as normas de centro e de patio para que sexan entendidas e asumidas por todos; e en cada grupo as normas de aula serán consensuadas e a reparación en caso do seu incumprimento. Todas fórmulanse segundo cinco criterios: poucas, claras, avaliábeis, redactadas en positivo e en primeira persoa do plural (que expresa implicación persoal). É fundamental a colaboración coas familias e que estas aprendan a establecer, formular e esixir o cumprimento das normas cos mesmos criterios.

No programa "**Diversidade de persoas e culturas** " tratamos de asumir que "todos somos diferentes, pero igualmente importantes". A presenza crecente de alumnado estranxeiro no centro amplía a diversidade e obríganos a educarnos para unha sociedade intercultural.

-A igualdade na diferenza e a riqueza da diversidade trabállase nas sesións de titoría desde os primeiros cursos os nenos e nenas.

-Intercambios lúdicos entre Centros.

- Todo o alumnado ten a oportunidade de practicar diferentes xogos do mundo, o que lle permite coñecer expresións culturais de diferentes partes do mundo.

- As festas escolares engloban aspectos das distintas culturas ás que pertence o noso alumnado: talleres, xogos, comidas, etc.

O programa "**O patio escolar, espazo educativo**" púxose en funcionamento pintando zonas do patio cuberto que se dedican a xogos tradicionais. Propuxémonos propiciar que o alumnado coñeza e practique xogos diferentes. Para iso distribuímos o patio en zonas, nas que poden practicar distintos xogos, nas pistas de baloncesto, fútbol, brílle, xogos tradicionais, parque infantil.

. Non é obrigatorio xogar, só é unha oferta que é moi ben acollida pola maioría do alumnado. Propónselle xogos que cumpren uns requisitos educativos básicos, nos que participan por igual mozos e mozas. ".

Interesa destacar que o patio escolar é o lugar onde o alumnado, sen a presenza directa do titor, establece as relacións cos seus iguais. No canto de que reproduza determinados comportamento que puido ver na rúa expómonos que poña en práctica as habilidades sociais que aprendeu no centro escolar. É, por iso, un lugar moi interesante para observar de xeito sistematizada e "con outros ollos" como se relacionan, que papel adopta cada un nas súas relacións cos demais co fin de preparar programas que lles axuden a modificar as condutas inadecuadas.

Co programa "**Resolución de conflitos e mediación** " pretendemos aprender a resolver os conflitos de xeito construtivo. Todos, incluído o profesorado, tivemos que asumir que o conflito é normal nas relacións interpersoais e grupais e segundo a forma de abordalo e resolvelo un conflito supón un avance ou un retroceso nesa relación, é positivo ou negativo para a convivencia.

Nas titorías os alumnos reciben a formación baseada nos mesmos principios. Para que resolvan os seus conflitos, cada titor realizará diferentes xogos cos seus alumnos.

Para os casos en que non son capaces de alcanzar por si mesmos un acordo establecemos a mediación, que realizan os propios compañeiros e compañeiras debidamente formados como mediadores.

## **POSTA EN PRACTICA DO PROXECTO**

### **Aspectos didácticos**

- Cada un dos programas do noso proxecto baséase nunhas formulacións teóricas que son obxecto da reflexión e formación do profesorado e que o alumnado ha de coñecer e entender. Os aspectos cognitivos dos distintos programas trabállanse na hora semanal de titoría grupal.

- Para modificar as actitudes é necesario interiorizar os principios que se coñeceron. Para asegurar este proceso no alumnado necesítase polos en práctica en todas as situacións da vida escolar (no modo de relacionarnos, nos

conflictos, no traballo no aula...) e por todos os adultos (profesorado, coidadores, monitor, conserxes...)

- É fundamental a participación e o compromiso do alumnado na vida do centro e na mellora da convivencia.
- Axuda dos maiores aos máis pequenos: na plantación das flores, verduras e o coidado do xardín, contando contos na semana do libro.
- Asunción de responsabilidades:, na repartición, coidado e recollida dos materiais dos xogos do patio, na recollida e reciclaxe de materiais, como mediadores...
- Participación nas actividades do grupo nos debates e actividades, na elaboración e consenso das normas de aula...
- Traballo de equipo nas actividades de aula e nos xogos de patio.
- Avaliación das actividades realizadas e as aprendizaxes adquiridas.

## **7.CREACIÓN DO OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA**

### ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

1. Nos centros educativos sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios constituírase, no seo do consello escolar, un Observatorio da Convivencia Escolar, que funcionará en Pleno. En todo caso tenderase a unha composición equilibrada de mulleres e homes nos membros do Pleno.
2. Manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e, con carácter extraordinario, cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

### FUNCIONES

- a) A participación na dinamización do plan de convivencia do centro e a mediación escolar.
- b) A elaboración dun informe anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no seu ámbito, así como sobre as iniciativas a nivel centro. Este informe será trasladado ao Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial.

- c) A coordinación de actuacións conxuntas dos ámbitos implicados e relacionadas coa mellora da convivencia.
- d) Propoñer á Administración educativa todas aquelas medidas que se consideren oportunas para a mellora da convivencia escolar no centro.
- e) Aqueloutras que lle sexan encomendadas pola Administración educativa ou polo Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial.

#### COMPOSICIÓN

- a) O director ou directora do centro, a quen lle corresponderá a presidencia.
- b) O xefe ou xefa de estudos, a quen lle corresponderá a vicepresidencia.
- c) De un a catro representantes do profesorado en función do número de alumnado, unidades e niveis impartidos no centro.
- d) O orientador ou orientadora do centro, se é o caso
- f) Unha persoa da asociación de pais e nais con máis representatividade no centro ou, no seu defecto, unha persoa representante de pais e nais.
- h) Unha persoa representante do persoal non docente.

Unha das persoas anteditas, con destino no centro educativo, actuará como secretario ou secretaria e levantará acta.

Estarán abertos á participación do profesorado titor relacionado co tema que se analice e dos profesionais de sanidade, dos servizos sociais e das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia escolar.

- a) A representación do observatorio, segundo corresponda, actuando como seu voceiro/a.
- b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias, así como a fixación da orde do día.
- c) Presidir as reunións e moderar o desenvolvemento destas.
- d) Garantir o cumprimento das disposicións legais establecidas neste decreto.

#### **8. DIFUSION DO PLAN E SEGUIMENTO**

En cada titoría na reunión do principio de curso informarase aos pais.

A Secretaria do centro disporá dunha copia do plan para a consulta de todo o persoal , pais, alumnos... que queira poda consultalo.

Periodicamente a comisión de convivencia elaborará un informe que recolla as incidencias producidas nese período, as actuacións levadas a cabo e os resultados obtidos.